

El xogo dos bolos nel Navia-Eo

XABIEL G. MENÉNDEZ
XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

Condo col trabayo de campo nos achegamos a úa rexón cualquera y tentamos de describir cuáles son os rasgos que dan xeito al que podíamos chamar a *cultura tradicional*, corremos el peligro de quedar na realidá que nos chegóu hasta enguano, sin esgatuñar máis na corteya que cubre as acordanzas dos máis veyos. Al falar da realidá d'enguano tamos féndolo nun sentido mui xeneral, refiríndonos al panorama que s'empieza a amañar despóis d'empezos del s. xx cúa emigración a América, a chegada de cuartos vidos d'alló, as compras de muitos caseiríos pola xente que los llevaba y, máis tarde, col paso definitivo d'úa economía de subsistencia á plena economía de mercáo. Estos cambeos socioeconómicos trouxeron consigo qu'el paisaxe y os costumes mudaran abondo y lo fixeran de tal xeito qu'hasta muita xente d'edá desconoz y sinte como estraños dalgús elementos que, al llargo de muchos centos d'anos, formaron parte del universo cultural da zona. Os anos vinte y a emigración, col corte ben fondo da Guerra Civil, pintan ser momentos fundamentais nese proceso.

Este pequeno parzamique nun ten outro aquel qu'el

d'esplicar por qué hoi, se ye dicimos a daquén que, hasta os anos vinte ou trenta, en toda a rexón del Navia-Eo úa das principais diversióis populares era xugar a os bolos, pode ser que nun lo cría ou que lo negue dafeito y xure y perxure qu'allí nunca na vida se xugóu cousa tal. Esta foi el actitú qu'atopamos na xente na mayoría das nosas pez-quizas. Ben é verdá que non sempre esto foi asina y qu'inda queda xente que s'acorda y que ten xugao y qu'hasta hai sitios unde inda se sigue xugando a os bolos*.

A diversidá de xogos de bolos é de sobra conocida y d'ella dan conta os poucos pero meritorios trabayos que se tein feito en dellos de puntos da Península¹ y el detallao estudio de Gerardo Ruiz sobre as variedades asturianas². Mesmamente, este autor reconoz qu'inda bota en falta máis trabayo de campo pra sacar á lluz novas particularidades locais. Dalgús artículos de mena etnográfica que se tán publicando nestos anos, y al que se quer amecer este, dannos úa idea del muito qu'inda se pode atopar en todo el país asturiano³.

É crencia estendida entre estudiosos y “autoridades” culturales asturianas qu'el xogo dos bolos nun pasa máis alló del Navia, nun prexucio cimpre que fai chegar hasta ese río sidra, tonada y hurros –y hasta dalgúa modalidá de madreña– pra que, d'este xeito, yes casen us estereotipos que queren forxar a toda costa⁴. Nosoutros tamos na fe de qu'el mundo cultural d'Asturias é muito máis rico y diver-

* Este artículo é el resultao d'entrevistas feitas al llargo dos anos 1993 y 1994 en dellos de puntos del Navia-Eo. El llabor de recoyida de toda esta información nun iba ser posible sin a xente depositaria d'esa riqueza cultural. A ellos yes debemos toda a obrigación: Paco de Peleyón¹, Ramón da Barrosa¹, Andrés y Fernando de Xinés, Jesús d'Anxelin, Saturno de Sapuco, Arturo de Zoilo¹, Pepe del Caseiro, Masimino¹, Llouredal de Miudeira, Grabiél, Nava dos Aguiyóis, Panduco, Robles, Fernando d'Eirello, Alberto y Rosamari de Pedrellada, Regina de Xuanín d'Eirello, Antoncho, Francisco d'Angelín, Inacio del Mosco, Valente d'Antonón, Rucho, Javier, Lin de Xulín, Pilara de Coturro, Cuete de Cuaña y Luisín de Cachorro.

so y qu'as "fronteiras" entre determinaos fenómenos da cultura material ou espiritual nun tán todas apeteiradas al pe d'un río. Nin nel Navia, nin tampouco nel Eo.

Na rexón occidental asturiana inda se xoga a os bolos. Nos días de festa amáñanse grandes campionatos en Cartavio, Lloza ou Miudeira unde participan homes y mueres de casa y braniantes. El noso trabayo de campo centróuse na marina dos conceyos de Castropol, Tapia, El Franco, Cuaña y Navia, anque podemos comprobar y recoyer noticias da existencia de tradición bolística en puntos como Bres (Taramunde), Villanova, Sarandías ou Silvón (todos ellos de Bual, ademáis de na villa), Eilao, Eirias (Eilao), sin esqueicer a gran afición inda viva hoi nel conceyo de Villayón.

Na zona estudiada esistiron dúas modalidades: el *pasabolo* y el *bolo rodao*, que coinciden cua estremación qu'Alvaro Fernández de Gamboa fai nel sou estudio entre bolos de tumar y bolos de botar llonxe⁵. As dificultades qu'atopamos al hora d'esplicar as regras detalladas dos dous xeitos de xugar tuveron mayormente en que, da que nos achegábamnos al Eo, el acordanza del xogo iba menguando y os informantes tían que ter camín dos noventa anos pra tener dalgún recordo, mentres que, da que nos achegábamnos al Navia, a tradición taba muito máis viva y, mesmamente, sigue xugándose a os bolos nos campos de dalgús llugares⁶. Anque del *pasabolo* atopamos referencias en todos os llugares investigaos, el punto máis al oeste nel que recoyemos datos de terse xugao al *bolo rodao* foi en Valdepareas.

El *pasabolo*, del que tamén recoyemos el nome de *matabolo* nel lugar de Campos, é úa modalidá xa desaparecida na nosa zona d'estudio⁷. É hirmá cuase dafeito das variedades de *Bolu de Tinéu* –enguano xogo federao–, *Pasabolu del Altu Sil* y das que Gerardo Ruíz engloba baxo el nome de *Batiente de los Vaqueiros*, variantes rurales xugadas en poblos del occidente interior asturiano (Teberga, Somiéu,

Grau, Miranda, Tinéu, Allande, Cangas del Narcea). Feirían falta máis traballos locais ou un traballo definitivo de conxunto pra poñer os extremos d'esta zona tan grande que mesmamente entra en Galicia y Lleón⁸.

Nel campo del lugar taban dispostas dúas pedras rectangulares. A primeira era el *tineiro*, *poyo* ou *tiro*⁹, erguido de 5 a 20 cm. del tarrén, unde se poñía el xugador pra tirar. Había que tirarse con muita forza da que se lanzaba a bola y el xugador podía fer a pasada el que quixera de grande. A us 4-5 m. taba a *soleira*¹⁰, pedra d'us 30 cm. de fondo y metro y pico d'ancho, unde se poñían os bolos. A soleira fía rampla y taba erguida por detrás camín d'úa cuarta¹¹. Na parte máis alta fía un pouco de chao y allí colocabase a fileira de bolos un pouquín separaos. Pr'apegallos á soleira usábase barro ou mesmamente bulla. Podían tar feitos de toxo –el máis normal– ou de carbayo y tían úa cuarta d'alto, con un pouco de punta feita a brosa. El número variaba dende 12 a 25. A os bolos tamén se yes chamaba *birlos* ou *birlos*.

Pagábanseye us perróis al *armador*, normalmente un neno, pra qu'*armara* os bolos y los recoyera despóis das tiradas (tamén pasaba esto nel *rodao*, unde tamén se ye pagaba un daqué al qu'apuntaba os tantos). El armador encargábase de traer un caldeirao de bulla ou amasar el barro pr'apegar se fía falta. Os nenos peliábanse por coyer a vez d'armador.

As bolas cuas que se tiraba eran pequenas –“*enchían a mao*”– y solían ser d'uz¹², con chombo dentro pra que pesaran máis. Tamén podían tar metidas en augua cua mesma finalidá. Na zona de Cuaña, estremábanse dúas menas de bolas según el tiro: as *d'a mata*, *d'a mao*, *de mate* ou *de cachete*, pequenas, de boxe y con chombo fendo cruz, pra tirar col brazo dende detrás y derriba da cabeza, y as *d'a brazo*, máis grandes, d'uz y sin chombo, pra tirar máis rastro y cua bola derriba da mao. Estas últimas eran as qu'usaban os máis veyos ou os que tían menos arte. Asina

y todo, el máis normal, y pensamos que máis antigo, era usar miyor, nel canto de bolas, pedras arredondiadas pañadas dos ribeiros.

Máis pr'alló da soleira había marcada úa ou máis rayas rectas na terra, feitas con úa eixada. En Cuaña había hasta cinco y cadúa d'ellas tía un valor: a del dez, a del vinte, a del trenta, a del corenta y a del cincuenta. Se daban pasao dalgún bolo máis alló de dalgúa d'esas rayas, iban sumándose puntos y quen primeiro chegara a cincuenta ganaba a partida. Por suposto, quen pasara dalgún bolo máis pr'alló del última raya –cousa ben mala de ferganaba a partida¹³.

Había que tirar con muito brío pra poder aventar os birlos ben llonxe. Pra eso había que daryes ben na reiz¹⁴. Ademáis, se nun se pasaba a bola da raya del dez ou *queixo*, dicíase qu'era *bola queixada* ou que *queixara*¹⁵. El ruido que fian as xógaras al dar na soleira era terrible y nun eran raros os accidentes¹⁶. Parte fundamental d'úa partida eran as apostas. Cada xogo solía ir a un perrón.

Non sólo lo xugaban os homes senón que tamén lo xugaban muyeres y nenos. A lo menos pra eso taba el outra boleira qu'había, un pouco máis pequena, nel Campo l'Hospital de Salave y nel Campo'l Calvario de Campos. É indudable el arcaísmo d'esta modalidá, tanto polos materiales usaos como pol sistema de xogo.

Anque, que nosoutros sépamos, inda se xoga en Villayón¹⁷, el pasabolo deixóu de practicarse na zona máis occidental alló polos anos trenta, ano arriba ano abaxo según os testimonios, pero sempre antias da guerra y al tempo qu'a emigración da moxedá pr'América. Máis pral oriente, en Cuaña ou Navia inda se xugaba hasta nun hai muito¹⁸.

El outra modalidá, inda viva hoi, é el *rodao* ou *bolo rodao*¹⁹. El rodao encuádrase na variedá de bolos de tumar y ten na nosa zona úas carauterísticas diferentes al publicao hasta agora sobre outras variantes asomeñadas²⁰.

Hai que se precatar de qu'el rodao hoi xógase en pista d'hormigón, en instalacións feitas de novo y a cuberto, mentres qu'antigamente el que se fia era xugar nos camiños, en terra mui calcada. As mididas de rayas, bolos, campo, etc. tamén cambiaron pr'axeitallo todo al novo sito de xogo. El demáis, a xente acórdase ben das diferencias entre el d'antias y el d'agora. Según dicen os máis veyos "*el rodao perdéulo todo col hormigón*".

El rodao xógase con nove bolos. El *peteiro* faise con un bolo nel medio y os outros oito postos alreduro fendo un redondel d'un metro de diámetro. Pra eso usábase un bolo y un cordel. Antigamente poñíanse máis ralos qu'agora.

As bolas son d'us cinco quilos y mui grandes. Tein us vinte cm. de diámetro –"*conto más grandes miyor*"–. Podían ser de muitas razas de madera: reiz d'uz, freisno, boxe, bidureira ou figueira y taban en augua pra que pesaran máis. Taban feitas a brosa y eran un pouquín estrapelladas. Os bolos eran estacas d'us trenta cm., de madera ben dura –toxo, carbayo, acebro–, anchas embaxo –d'us sete cm.– y enriba un pouco aguizadas. Agora, tanto bolas como bolos, fainlos torniaos y, ás veces, nel caso dos bolos, píntanlos y poinyes úa base de goma.

El primeiro tiro –*ir, tirada*– faise dende el tiro, tira ou *raya de tirada*²¹. El xugador pode moverse a os llaos sempre que nun pase da raya. Antano el *peteiro* poñíase a us cuatro ou cinco metros. Unde s'armaba nun tía campo, taba pisao. Cada pouco había que recebar el furao qu'iban fendo os bolos col cul porque se non, al dar a bola na reiz dos bolos, *topiaba* ou *fia tope* y entoncias podía pararse. Cada bolo *tumbao* ou *zampao* ten el valor d'un punto. Máis pr'alló –a us dez metros antigamente– ta úa raya chamada queixo ou queixa. Nel hormigón xa nun se fai pero, condo se xugaba en terra, nel queixo poñíase el furico –*bolín*, ye chamaban en Lloza y Miudes–, un bolo máis pequeno qu'os outros y que se lo tumbaban tía el valor de cinco (Miudeira) ou dez tantos (Miudes, Lloza). Por eso, en Lloza

tamén ye chamaban al queixo *a raya del dez*²².

Se al tirar a bola esta nun pasa da raya dizse que *queixóu*, *churrióu* ou *churróu*²³. Nel caso de quedar derriba da raya diciáse que *queimara* y tían qu'ir us contos que taban xugando a decidir se pasara ou non. A bola, que nun era del todo redonda, al rodar perdía forza y entre os bolos era fãcile que queixara. Pra calcular únde marcar a queixa, ésta tía que tar al dobre de distancia qu'el peteiro del tiro²⁴. Se a bola pasa da queixa, desque tira el contrario, vólvese tirar, anque agora xa dende el outro llaos, y súmanse os puntos feitos. Os bolos ármanse a cada volta, al ir y al volver. A este segundo tiro chámaseye *volver* ou *sacada*. Ir y volver é úa *bolada*. Antigamente tirábase *a pe de bola* ou *pe en bola*, é dicir, dende unde parara a bola. D'este xeito tratábase de nun queixar pero tampouco nun quedar mui llonxe pra volver²⁵. Se al tirar pr'acó, col pe ou col que fora, se tumbaba el furico, perdíase a xugada.

Hai dous xeitos de tirar: *al roce* y *al cruce*. Pra tirar al roce hai que tirar por entre el medio del peteiro, tentando de pasar dándoye á fileira de tres bolos del medio y a úa da dos llaos de dous bolos. Neste xeito de tirar hai el peligro de *mandalla pol carreiro* y nun tumbar nengún pero se s'acerta túmbanse máis. Al cruce tírase poñéndose dende un llaos del tiro y entrando cua bola nel peteiro de xeito que se toquen os máis bolos posibles.

Pode xugarse individual ou por parexas. As partidas xugábanse a trenta ou corenta bolos. En caso d'empate xugábase outra bolada hasta desempatar. Pra saber quén tiraba primeiro, tiraban un bolo contra úa bola posta na distancia del furico y el que máis cerca quedaba principiaba. Cada xugador fía úa bolada completa, ir y volver, anque agora avezan tirar en grupos de dous al ir y despós al volver²⁶.

Xugábanlo tamén nenos y muyeres, anque neste caso achegábase un pouco el queixo. Pra os nenos poñían outra boleira máis pequena.

Fíanse muitas apostas. Antias da guerra poñíanse un perrón cada vez que se ganaba. A tirada toda era a un ral y pagábase desque s'acababa. Al apostar podía irse a medias con outro parceiro. Chamábase a esto *ir a forros*. Se ún ganaba, *forraba* al compañeiro, quere se dicir, pagá-baye a bolada. Se ganaba el outro, pagábaya él.

A xente sabía únde había boladas y iba xugar a outros llugares da contornada: al Revellón, Lloza, Cartavio, Miudeira. A os domingos de tarde ou días de festa, desque se xantaba, ás dúas ou ás tres, xa había xente aguardando. As partidas duraban hasta el escurecedín. “*Se chovía aveirábanonos nel cabanón y condo paraba volvíamos alló*”.

Notes

¹Deixando a un llao os interesantes datos que nos apurre Alvar nas súas encuestas lingüísticas en Andalucía, hai que destacar: J. Jiménez, *El juego de los bolos en Álava*, Gasteiz, 1970, J. Braun Trueba, *Bolos y Cultura*, Santander, 1984, y, sobre todo, A. Fernández de Gamboa, *Los Bolos en España*, Xixón, 1978.

²J. Gerardo Ruiz Alonso, *Bolos asturianos. Modalidades, técnica y estáu actual*, Alborá Llibros, Xixón, 1993.

³X. I. Llope y A. Paredes, “Dos variantes del xuegu de bolos nel con-ceyu de Cuideiru: los Bolinos y el Cuatrín”, *Cultures* 2, Uviéu, 1992, pp. 179-190, y R. González-Quevedo, “Bolos asgaya nel Altu Sil”, *Cultures* 3, Uviéu, 1993, pp. 181-186.

⁴Esto é inda máis chocante se temos en conta que nestos últimos anos, y con subvencióis oficiais, fixéronse , en Lloza y Miudeira dúas instalacióis cubertas, con tarrén de cemento pra xugar á modalidá de bolo rodao.

⁵A. Fernández de Gamboa, *op. cit.*, p. 20.

⁶Recoyemos noticias de que se ten xugao a os bolos en dalgúa das dúas variedades –ou mesmamente nas dúas– en muitos sitios. Nas

Figueiras nel Campo da Lagúa, unde ta agora a Casa del Mar, en Barres al pe del igrlesia, na veira d'unde taba a casa veyade Lebrato, en Casarego nel Campo'l Caleyó, salindo pra Navalín, en Salave nel Campo l'Hospital, en Campos nel Campo'l Calvario –unque temos testimonios de que nel caleyón de derriba de Cá'l Caseiro tense xugao–, en Valdeparens nel Campo de San Polayo, en Miudeira nas Barreiras, en Arancedo en Follaranca y despóis nos Miyeiros, nel Porto na Tayadía y na Talaya, xunto á capiya, en Cartavio nel Campo l'Igrlesia, en Lloza nel Campo da Capiya, en Mougúias nel Campo'l Cementerio, en Medal nel Campo de Baxo, en Villacondide nel Eira de Murias, en Andrés nel Campo Sampedro, en Navia unde ye dicen La Canteira de Pachón, en Cuaña, en Talarén, en Tox, en Villouril, etc. En Villalmarzo (El Franco), apegaó al lugar, hai un sitio que ye chaman El Campo da Bola.

⁷ Así todo temos noticia de qu'inda hoi se xoga nel conceyo de Villayón, entre outros, nos lugares de Valdedo, Gras, Busmente y Valle. Dáseye el nome de *bolo corto*.

⁸ Nos Ancares é esta a modalidá xugada y en Meira (Lugo) déronos noticias de que se xugaba a úa variedá asomeñada, por parexas, con dez bolos pequeníos con traza de pera, d'us 10 cm., de madeira de mazueiro y que se poñían apegaos derriba d'úa pedra. Os bolos de Viana do Bolo (Ourense) pertencen tamén a esta familia anque el xeito de poñer os bolos na pedra y el sou número, entre outras cousas, failos un pouquín diferentes. Xa nun é núa fileira de us vinte bolos, como as variedades asturianas, senón núa fileira d'seis y outros tres bolos separaos detrás.

⁹ El término *tineiro* recoyémoslo en Campos. Os outros son os usaos na parte de Cuaña.

¹⁰ En Campos tamén recoyemos el nome de *solarega*. En Tox (Navia) chámase *tondia*.

¹¹ Búa proba de cómo s'esqueice a cultura material é que, por muito que pequizamos nos poblos costeiros, nun fomos quén a atopar nengúa d'estas pedras. Xente de corenta anos acordábase de xugar al futbol de nenos al pe d'ellas sin saber qué significaban. El caso é que todas se taparan con paliadoras ou tractores al enanchar pistas ou poñer columpios nos antigos campos unde se xugaba. Desenterrallas xa iba supoñer meterse dafeito na "arqueolóxica etnografía".

¹² Según nos cuntóu un informante dos Aguiyóis (Miudes), "el carbayo nun é madeira graciosa porque brama" (querse dicir, ta búa d'abrir).

¹³ Según fora a disposición del campo, el sistema podía ser ou ferse muito máis xinxello. En Campos había úa raya, a 4-5 m. da soleira, que valía un punto, y a seguinte puntuación, que neste caso supoñía ganar a partida, xa era pral que chegara dalgún birlo hasta a cortía de Cá Xico.

¹⁴ En Lloza cambiábase de llao pra xugar según asoprara el vendaval ou el nordés, tanto nel pasabolo como nel rodao.

¹⁵ É esta a mesma terminoloxía que s'usa nel bolo de Tinéu: *bola queixada* ou *bola queisada*. Na variedá del Altu Sil dizse que *cuachóu* (R. González-Quevedo, *a. c.*, p. 181). ¿Poden ser estos términos metáforas relacionadas con cuayar ou ferse queixo pra tentar de describir cómo a bola vai parando pouco a pouco sin chegar a pasar a raya?

¹⁶ Nas Figueiras dicénnos que se deixóu de xugar a os birlos porque mataran a un home d'un bolazo. Nun sabemos se será certo pero si é verdá que cuntan hestorias de xente que perdéu un oyo xugando. Llemos nel periódicu de Navia, *El Porvenir Asturiano*, nel sôu número del 10 dábril de 1904, úa reseña da festa de Pascua en Villaouril unde se diz: "Como incidente digno de mención consignaremos el ocurrido a nuestro estimado amigo el joven comerciante D. Celestino Méndez, a quien produjo una fuerte contusión en la cabeza un palitroque disparado del juego del *pasabolo*, en el cual se entretenían como de costumbre algunos aficionados. No censuramos a éstos por jugar en sitio tan concurrido, sino a la autoridad que lo consiente".

¹⁷ El bolo corto de Villayón xógase con ventiún bolíos de toxo, d'us 20-25 cm. postos apegaos núa llastra. É el que se chama *armar la tondia* –como se ve, recibe el mesmo nome qu'en Tox (Navia)–. As bolas son d'uz con chombo metido y poden tirarse *a puño* –con *bolas de puño*– ou a *brazo* –con bolas más grandes, as *de brazo*–. Fainse varias rayas semicirculares detrás d'unde tán os bolos. Se a bola nun pasa da primeira raya dizse que *queixóu*. Se queda derriba d'úa raya *queimóu*. Condo se pasa dalgún bolo del última raya ou da parede ou sebe qu'haxa detrás del campo, gánase. É el que chaman *sacar la partida*.

¹⁸ Así todo depende dos sitios. Nel llugar de Cuaña recoyemos el dato de qu'allí el pasabolo deixóu de xugarse camín dos anos corenta, mentres qu'el rodao acabóu pol trenta y tantos.

¹⁹ Debémosses muita obrigación á toda a xente qu'amañóu adrede úa bolada en Lloza y que nos deu detalles das dúas modalidades.

²⁰ Dáse dalgúa asomeñanza cuas variedades asturianas del Cuatrín d'Agones (Pravia), Cuatrín de Cuideiru y, sobre todo, Los Bolinos, tamén xugao neste último conceyo, modalidá cua que coincide nel grandor, número y disposición del peteiro de bolos, anque non nel xeito de xugar.

²¹ Nel Porto faláronnos d'*arriba* prá llinia de tiro y d'*abaxo* prá queixa.

²² Tamén sintimos falar a un informante de muita edá de que máis antias chamábaseye a *raya del cuatro*, qu'era unde se poñía el *cuatro* ou bolín que tía ese valor se lo tumbaban. Nun pudemos pequizizar máis sobre ese detalle pero é curioso porque coincide cua valoración que se ye

dá al *puchu* de los bolinos de Cuideiru ("a.c.", p. 181).

²³ Hai que volver alló y precatarse da coincidencia terminolóxica cuas outras variedades asturianas. Se xa temos comentao el detalle sobre a bola queixada, agora hai que fer notar que nos bolinos de Cuideiru chá-mase *chorriar* a condo a bola nun chega á raya del *puchu* – neste caso, un "furico" máis grande qu'os bolos– (X. I. Llope y A. Paredes, "a. c.", p. 181).

²⁴ En Miudeira el furico poñíase como mínimo a dez metros del tiro. Según nos cuntan allí: "*Un xugador mediano á segunda ou terceira volta xa ye tía coyío el toque y tumbábalo al ir*". En Lloza, el máis, dicennos que "*el que se buscaba era meter a bola pa que tumbara moitos bolos. Nunca se tiraba al bolín máis que condo era de compañeiros*". Tamén en Lloza, ás veces el furico poñíase un pouco máis pr'acó da queixa. Esto dános úa idea da variedá criativa da xente, que podía, chegao el caso, cambiar dal-gúa medida ou regra según yes vera miyor.

²⁵ En Miudeira tíanlo como propio de Medal (Cuaña) y atesaban qu'ese sistema "*era mui esclavo y había que calcular moito*".

²⁶ Últimamente xugábase úa especie de campionato entre Miudes y Lloza con un sistema eliminatorio, un domingo en cada lugar. Íbase, por exemplo, al que sacara a bolada máis grande de dous. Agora ta volvendo a aumentar el interés entre a xente. Fundóuse hai pouco úa asociación cultural y deportiva con xente d'estos lugares pra mirar de buscar axudas y tirar por este deporte. Nel mes d'agosto de 1994 xugóuse en Valdepareas (El Franco) el Primeiro Trofeo "XEIRA" de Bolo Rodao, en prao y recuperando el xeito tradicional de fello (con furico y pe en bola). Houbo camín dos corenta participantes entre homes, muyeres y moxedá.

